

Eleccións Sindicais 2019

#9maio



Para gañarmos
unha **UVigo** con
FUTURO

PDI con dereitos e sen precariedade

Balance do traballo sindical e candidaturas

A CIG-ENSINO FAI BALANCE DO SEU TRABALLO SINDICAL NA UNIVERSIDADE DE VIGO

Na Universidade de Vigo, nestes catro anos, a CIG-Ensino foi atendendo as demandas que o profesorado lle foi presentando. A CIG só presidiu o Comité Laboral de Pontevedra nestes últimos dous anos mais iso non impediu que desenvolvese unha loita sindical relevante na UVigo para o PDI funcionario e laboral. A CIG-Ensino loitou pola retribución do 100% do salario en caso de baixa até que o logrou. **A CIG-Ensino conseguiu a equiparación do persoal docente temporal das universidades galegas á hora de cobrar os complementos polo labor docente e de investigación. Canto ao novo sexenio de transferencia, o noso sindicato solicitou que non se valorasen unicamente os méritos mercantís.**

A CIG-Ensino pediu que a Reitoría informase nunha mesa sobre o compromiso electoral de aboar as pagas extras íntegras (é dicir, de pagar o complemento de quinquenios docentes das pagas extras). Aínda que o compromiso electoral da actual Reitoría non se vai cumprir até 2022, a CIG-Ensino valora positivamente que se pague e **non litigará isto nos tribunais porque nin agora ve posibilidade de gañar neles, nin a viu no pasado cando outros reitores non pagaron o devandito complemento.**

Por suposto, temos que seguir a reclamar a recuperación do poder adquisitivo perdido na última década. Continua-





mos, desde a aplicación do RDL 8/2010, coas pagas extras recortadas en dous conceptos que dependen do Estado: o salario base e os trienios. Ademais aínda non nos devolveron o complemento específico das pagas extras recortadas durante catro anos, 2013 - 2016, un “feito diferencial” do goberno Feijóo que supuxo un dos principais motivos da nosa perda salarial ao respecto dos outros docentes do Estado.

A CIG-EnsinO contribuíu a que se mitigase o influxo das enquisas do alumnado na concesión dos quinquenios docentes, que deben estar desvincellados dos resultados desas enquisas. Nunha das últimas mesas de negociación, a **CIG-EnsinO** reclamou que o regulamento sobre quinquenios fose un **procedemento garantista e obxectivo que non permita a súa aplicación arbitraria** en centros e departamentos e solicitou que se sacase o fondo social de 2018.

A pesar de que os criterios para a acreditación do persoal funcionario que acaba de aprobar o goberno estatal endurecen a funcionarización do profesorado e a promoción a CU, a CIG-EnsinO apelou aos outros sindicatos, especialmente aos que teñen representación na mesa de negociación galega e estatal, para pedir a funcionarización de todos os CD ou daquelas persoas que cumpran algún requisito facilmente accesíbel (ter un sexenio) e para negociar que os criterios para a acreditación a CU non sexan máis difíciles que os que rexían até o de agora.

A CIG de PDI opúxose ao recurso presentado polo sindicato STEG, que pretendía anular as prazas xa celebradas de CD da Universidade de Vigo correspondentes á taxa de reposición de 2015, e defendeu con éxito no xulgado ao profesorado afectado pola demanda, que vía ilegalidade nos concursos de CD da Universidade de Vigo, realizados co mesmo procedemento desde 2007.

O rexeitamento absoluto da CIG-EnsinO á taxa de reposición levounos a procurar un acordo co resto dos sindicatos para fixar as prazas que deberían saír a concurso desde o 2013 á actualidade.



A CIG-Ensinu apoiou os diferentes planos de promoción da Universidade de Vigo e continuará a apoiar a estabilización do profesorado que gañou estas prazas, a consolidación do profesorado axudante doutor acreditado e do contratado doutor interino, e a promoción do profesorado contratado doutor acreditado como titular de Universidade e do titular de Universidade acreditado como catedrático de Universidade. Todas estas consolidacións e promocións, paradas neste momento polas restricións económicas do goberno central, e as do persoal investigador terán que gardar o maior equilibrio entre ámbitos e áreas e deberán ter en conta as necesidades docentes (ou déficits de categorías por áreas).

Na Mesa de Negociación de PDI, a CIG-Ensinu defendeu melloras para o colectivo de PDI. **A CIG-Ensinu opúxose ao Real decreto lei 14/2012 (decreto Wert)** e nas negociacións coa Reitoría intentou minimizar a intensificación a 320 horas e promoveu máis recoñecementos docentes, entre eles a docencia en galego e máis desgravacións por titorizar TFGs e TFMs. A CIG-Ensinu defendeu que tiña que haber **horas finalistas de recoñecemento docente** para o profesorado que realice tarefas de tribunal de TFG ou TFM ou doutro tipo, en vez de que esas horas pasen a unha bolsa que os **centros poden repartir arbitrariamente**. As melloras propostas, que son irrenunciábeis para a CIG-Ensinu e que non sempre foron asumidas pola Reitoría, permitirían a continuidade do profesorado asociado, colectivo que, se hai necesidades docentes, ten dereito a estabilizarse a figuras de CD e TU, as cales permiten economicamente a súa incorporación á UVigo como profesorado a tempo total.



Por último, a CIG-Ensino participou coa anterior Reitoría na comisión de elaboración do Plan Docente Anual Individual (PDAI), o cal non se aprobou. A Reitoría actual propuxo algo parecido, a creación da comisión da análise e avaliación das tarefas do PDI da Universidade de Vigo, mais **a CIG-Ensino opúxose porque supón un aumento da burocracia e dixo que non participaría na comisión e animou á Reitoría a que traballe o cadro teórico de PDI** para poder corrixir os déficits de profesorado estábel que teñen algunhas áreas.

CANDIDATURAS UVIGO

Candidatura PDI funcionario

- 1 **Aquilino Santiago Alonso Núñez**
Fac. de Ciencias da Ed. e do Deporte de Pontevedra
Profesor titular de Universidade
- 2 **María Montero Muñoz**
Fac. de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo
Profesora titular de Universidade
- 3 **Xosé Antón Vila Sobrino**
Escola Sup. de Enxeñaría Informática de Ourense
Profesor titular de Universidade
- 4 **Luis E. Anido Rifón**
Escola de Enxeñaría de Telecomunicación de Vigo
Catedrático de Universidade
- 5 **Gonzalo Méndez Martínez**
Facultade de Ciencias do Mar de Vigo
Profesor titular de Universidade
- 6 **Xavier Roca Pardiñas**
Escola de Enxeñaría Industrial de Vigo
Profesor titular de Universidade
- 7 **Claudio Cerdeiriña Álvarez**
Facultade de Ciencias de Ourense
Profesor titular de Universidade
- 8 **Ana Luna Alonso**
Facultade de Filoloxía e Tradución de Vigo
Profesora titular de Universidade
- 9 **Ana Belén Fernández Souto**
Fac. de Ciencias Soc. e da Comun. de Pontevedra
Profesora titular de Universidade
- 10 **Ana Rei Cao**
Fac. de Ciencias da Ed. e do Deporte de Pontevedra
Profesora titular de Universidade
- 11 **Felipe Gil Castiñeiras**
Escola de Enxeñaría de Telecomunicación de Vigo
Profesor titular de Universidade
- 12 **Miguel Enrique Rodríguez Méndez**
Fac. de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense
Profesor titular de Universidade
- 13 **Águeda Gómez Suárez**
Facultade de Ciencias da Educación de Ourense
Profesora titular de Universidade
- 14 **Teresa Rivas Brea**
Escola Técnica Sup. de Enxeñaría de Minas de Vigo
Profesora titular de Universidade
- 15 **Emilio González Estévez**
Escola de Enxeñaría Industrial de Vigo
Profesor titular de Universidade
- 16 **Jacobo Antonio Troncoso Casares**
Facultade de Ciencias de Ourense
Profesor titular de Universidade
- 17 **María do Carme Verde Diego**
Facultade de Ciencias da Educación de Ourense
Profesora titular de Universidade
- 18 **Francisco Xosé Ramil Blanco**
Facultade de Ciencias do Mar de Vigo
Profesor titular de Universidade
- 19 **Beatriz Olga Figueroa Revilla**
Fac. de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense
Profesora titular de Escola Universitaria
- 20 **María Ángeles Sanromán Braga**
Escola de Enxeñaría Industrial de Vigo
Catedrática de Universidade
- 21 **Andrés Sanjuán López**
Facultade de Bioloxía de Vigo
Profesor titular de Universidade
- 22 **Pedro Membiela Iglesias**
Facultade de Ciencias da Educación de Ourense
Profesor titular de Universidade

- | | |
|--|--|
| <p>23 Gonzalo Navaza Blanco
 Facultade de Filoloxía e Tradución de Vigo
 Profesor titular de Universidade</p> <p>24 Xavier Simón Fernández
 Fac. de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo
 Profesor titular de Universidade</p> | <p>25 Xosé Henrique Costas González
 Facultade de Filoloxía e Tradución de Vigo
 Catedrático de Universidade</p> <p>26 Xosé Manuel Cid Fernández
 Facultade de Ciencias da Educación de Ourense
 Catedrático de Universidade</p> |
|--|--|

Candidatura PDI laboral. PONTEVEDRA

- | | |
|---|--|
| <p>1 Marta Pazos Currás
 Escola Enxeñaría Industrial
 Profesora contratada doutora</p> <p>2 Luis Lugo Latas
 Facultade de Ciencias do Mar
 Profesor contratado doutor</p> <p>3 María Mercedes Álvarez Lires
 Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte
 Profesora contratada doutora</p> <p>4 Miguel Cuevas Alonso
 Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte
 Profesor contratado doutor</p> <p>5 Iris Machado de Oliveira
 Facultade de Fisioterapia
 Profesora axudante doutora</p> <p>6 Manuel Caeiro Rodríguez
 Escola de Enxeñaría de Telecomunicación
 Profesor contratado doutor</p> <p>7 Gema Álvarez Llorente
 Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
 Profesora contratada doutora</p> <p>8 Robert Neal Baxter
 Facultade de Filoloxía e Tradución
 Profesor contratado doutor</p> <p>9 María Asunción Lorenzo Rial
 Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte
 Profesora contratada interina</p> <p>10 Jacobo Currais Arcay
 Facultade de Filoloxía e Tradución
 Profesor asociado</p> | <p>11 Ana Acuña Trabazo
 Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte
 Profesora contratada doutora</p> <p>12 Xoán Manuel Montero Domínguez
 Facultade de Filoloxía e Tradución
 Profesor contratado doutor</p> <p>13 María Regina Rodríguez Vega
 Facultade de Filoloxía e Tradución
 Profesora contratada doutora</p> <p>14 Uxío Pérez Rodríguez
 Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte
 Profesor contratado doutor</p> <p>15 María Inés Álvarez Fernández
 Facultade de Ciencias do Mar
 Profesora contratada doutora</p> <p>16 Fernando Cerdeira Pérez
 Escola de Enxeñaría de Telecomunicación
 Profesor contratado doutor</p> <p>17 Rosana Simón Vázquez
 CACTI-CIMBIO
 Investigadora postdoutoral Xunta</p> <p>18 José Lorenzo Alonso Gómez
 Facultade de Química
 Investigadores "Ramón y Cajal"</p> <p>19 Emilio Rosales Villanueva
 Escola Enxeñaría Industrial
 Investigador distinguido</p> <p>20 Luís Costa Vázquez
 Fac. de Ciencias da Educación e do Deporte
 Profesor asociado</p> |
|---|--|

Candidatura PDI laboral. OURENSE

- 1 **Pablo de Carlos Villamarín**
Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo
Profesor contratado doutor interino
- 2 **Ana Iglesias Álvarez**
Facultade de Ciencias da Educación
Profesora contratada doutora interina
- 3 **David Casado Neira**
Facultade de Ciencias da Educación
Profesor contratado doutor
- 4 **Trinidad Domínguez Vila**
Escola Superior de Enxeñaría Informática
Profesora contratada doutora interina
- 5 **Millán Brea Castro**
Facultade de Ciencias da Educación
Profesor asociado
- 6 **Xoán Lombardero Posada**
Facultade de Ciencias da Educación
Profesor axudante
- 7 **Beatriz Vaquero Díaz**
Facultade de Historia
Profesora contratada doutora
- 8 **Constantino Cordal Rodríguez**
Facultade de Ciencias da Educación
Profesor contratado doutor
- 9 **Ana Isabel Gueimonde Canto**
Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo
Profesora contratada doutora
- 10 **Francisco Aguiar Fernández**
Facultade de Ciencias da Educación
Profesor axudante doutor
- 11 **Fátima Braña Rey**
Facultade de Ciencias da Educación
Profesora contratada doutora